



# MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR CURSO 2021-2022 ESO/BACH

---

ESO e BACHARELATO

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

COLEXIO TIRSO DE MOLINA

DATA: 8 DE ABRIL DE 2022

## ÍNDICE

1.- Educación Secundaria Obrigatoria: AVALIACIÓN.....	2
2.- Educación Secundaria Obrigatoria: PROMOCIÓN.....	3
3.- Educación Secundaria Obrigatoria: TITULACIÓN .....	4
4.- BACHARELATO: AVALIACIÓN .....	5
5.- BACHARELATO: PROMOCIÓN .....	6
6.- BACHARELATO: TITULACIÓN.....	7
7.- Aprobación e publicidade .....	8

## 1.- Educación Secundaria Obrigatoria: AVALIACIÓN

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os **criterios de avaliación** e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe.
- Os referentes da avaliación no caso do **alumnado con adaptación curricular** serán os incluídos na devandita adaptación.
- A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de ESO será **continua, formativa e integradora**.

### Continua

- *Progreso inadecuado* do alumnado → medidas de **reforzo educativo**.
- Adoptaranse en **calquera momento** do curso, tan pronto como se detecten as dificultades.
- Especial seguimento do alumnado con **NEE**.
- Garantir a **adquisición das aprendizaxes imprescindibles** para continuar o proceso educativo.

### Formativa

- Instrumento para a mellora tanto dos **procesos de ensino** como dos **procesos de aprendizaxe**.

### Integradora

- Deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a **consecución dos obxectivos establecidas para a etapa** e o **desenvolvemento das competencias** correspondentes.

- Ao longo de cada curso → 3 sesións de avaliación e seguimento da recuperación das materias.
- A **3ª avaliación da ESO** será o luns, **6 de xuño**. Elaborarase un **Informe de avaliación individualizado para o alumnado con partes sen superar**.
- A **avaliación Final da ESO** será o xoves, **23 de xuño**.
- Entre a 3ª avaliación e a avaliación Final → **actividades de apoio, reforzo, ampliación e tutoría**.
- Valoración das **competencias clave** → na avaliación final (IS, SU, BE, NT, SB).
- A persoa titora levantará **acta** de cada sesión de avaliación.

## 2.- Educación Secundaria Obrigatoria: PROMOCIÓN

- Ao finalizar cada curso decidirase a promoción do alumnado na avaliación final. Decisión colexiada; sen unanimidade, maioría simple.
- Acadará a **promoción** dun curso a outro:
  - Alumnado con todo aprobado ou cunha ou dúas materias suspensas (as materias do propio curso e as de cursos anteriores).
  - Alumnado con tres ou máis materias suspensas cando cumpra **todas** as seguintes condicións e así o decida o equipo docente (se non hai unanimidade, decidirase con votación por maioría simple entre os docentes que lle imparten clase):
 

- Media aritmética de todas as materias en que estea matriculado igual ou superior a 5.
    - A natureza dos suspensos permite seguir con éxito o curso seguinte.
    - Expectativas favorables de recuperación.
    - A promoción beneficia a súa evolución académica.
- Alumnado que promociona con materias suspensas → **plan de reforzo** para a súa recuperación. Este plan será elaborado polo docente que imparta a materia o curso seguinte a partir do informe elaborado polo docente do curso actual, onde se recollerán os obxectivos e competencias nos que non ten o desempeño necesario, ou polas xefaturas de departamento no caso de non ter esa materia. En cada sesión de avaliación farase o seguimento deste plan, facendo os axustes que procedan.
- Alumnado que non promociona → permanece un ano máis no mesmo curso.
  - Medida de carácter excepcional.
  - **Plan específico personalizado:** superación das dificultades detectadas e afondamento nas aprendizaxes adquiridas.
- O alumno/a pode permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo na etapa. De xeito excepcional pode permanecer un ano máis en 4º ESO.
- Consello orientador:
  - Ao finalizar **2º ESO** → **consello orientador:** informe sobre o logro dos obxectivos e competencias e opción máis adecuada para continuar a formación, incluíndo programa diversificación curricular ou CFGB (Ciclo Formativo de Grao Básico).
  - Ao finalizar **4º ESO** ou concluír escolarización → **consello orientador** individualizado cunha proposta académica, formativa ou profesional.
  - Nalgún **outro curso** → **consello orientador** para incorporación a un CFGB, programa de diversificación curricular ou primeiro curso dun programa de mellora de aprendizaxe e do rendemento.
  - O consello orientador será elaborado polo titor/a, recollida a información da sesión de avaliación final e co asesoramento do departamento de orientación. Incluirase no expediente do alumnado.

### 3.- Educación Secundaria Obrigatoria: TITULACIÓN

- Ao finalizar 4º ESO e na sesión de avaliación final. Decisión colexiada, atendendo á adquisición de competencias, consecución dos obxectivos e aos criterios de titulación.
- Obtención do **título de ESO**:
  - Superar todas as materias cursadas.
  - Alumnado con materias suspensas, sempre que se cumpran **todas** as seguintes condicións e así o decida o equipo docente:

- Media aritmética de todas as cualificacións nas que estea matriculado igual ou superior a 5.
    - O alumno/a adquirise as competencias establecidas.
    - O alumno/a alcanzase os obxectivos da etapa.
- **Matrícula de honra**:
  - Número máximo de matrículas → enteiro máis próximo ao 5% do total do alumnado de 4º ESO.
  - Nota media na avaliación final de 4º ESO igual ou superior a **9** puntos.
  - En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:
    - Maior nota media en 4º ESO.
    - Maior nota media na etapa.
    - Maior número de cualificación 10 en 4º ESO.
    - Maior número de cualificación 9 en 4º ESO.
    - Maior número de cualificación 10 na etapa.
    - Maior número de cualificación 9 na etapa.
    - Se persiste o empate concederáse á persoa con notas máis altas en 4º e, se fose necesario, en segundo lugar, na etapa.
  - Esta mención será consignada nos documentos de avaliación do alumno/a.
  - En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reunirse en sesión extraordinaria para revisar a relación.

## 4.- BACHARELATO: AVALIACIÓN

- A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os **criterios de avaliación** e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe.
- A avaliación será continua e diferenciada segundo as distintas materias. Terá carácter formativo.
- Alumnado que non supere algunha materia na avaliación final ordinaria → **proba extraordinaria** (20, 21 e 22 de xuño).
- Ao longo de cada curso: tres sesións de avaliación e seguemento da recuperación de materias pendentes.
- **2º Bacharelato** → desde a avaliación final ordinaria (**18 de maio**) ata as probas extraordinarias (**20, 21 e 22 de xuño**) o centro organizará a impartición das clases para preparar ABAU e as probas extraordinarias.
- **1º Bacharelato** → desde a avaliación final ordinaria (**6 de xuño**) ata as probas extraordinarias (**20, 21 e 22 de xuño**) clases de preparación das probas extraordinarias e actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.
- Os resultados da avaliación das materias: cualificacións numéricas de 0 a 10 sen decimais. Alumnado non presentado ás probas extraordinarias → NP (non presentado/a).
- **Acta** de cada sesión de avaliación polo Titor/a.
- Decisións referidas á promoción e titulación, medidas de atención á diversidade,... → sen unanimidade, acordo favorable da maioría simple.

## 5.- BACHARELATO: PROMOCIÓN

- **Promoción de 1º a 2º de Bacharelato** → todas as *materias cursadas aprobadas* ou *dúas suspensas como máximo*.
- Alumnado de 2º Bach con ***materias pendentes de 1º*** → actividades de seguimento, recuperación e avaliación. Este *Plan de actividades de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente* será elaborado polo Departamento que teña asignada docencia desas materias durante ese curso. O alumnado que tras a avaliación final ordinaria tivese suspensa algunha materia pendente de primeiro, ten dereito a unha proba extraordinaria nas datas que se determinen no calendario escolar.
- Alumnado de 1º Bach que non promocioe, repetirá o curso na súa totalidade.
- A superación das materias de 2º que implican continuidade estará condicionada á superación das correspondentes materias de 1º.
- Alumnado con materias suspensas en 2º → repetir curso completo ou cursar de novo só as materias suspensas.

## 6.- BACHARELATO: TITULACIÓN

- **Título de Bacharel:**

- Avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
- Excepcionalmente, ***alumnado cunha suspenso*** sempre que se cumpran todas as seguintes condicións e así o decida o equipo docente:

- Alcanzou as competencias e os obxectivos.
- Non hai faltas de asistencia continuadas e non xustificadas nesa materia, non podendo superar o 10% do horario lectivo desa materia sen xustificación.
- Presentouse ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
- A media aritmética en todas as materias da etapa igual ou superior a 5 (con a nota da materia non superada).

Título único con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida (media aritmética de todas as materias cursadas, con dous decimais, redondeada á centésima).

- **Matrícula de honra:**

- Número máximo de matrículas → enteiro máis próximo ao 5% do alumnado matriculado de segundo curso.
- ***Nota media do segundo curso*** na avaliación final ordinaria igual ou superior a **9 puntos**.
- En caso de empate, aplicaranse sucesivamente os seguintes criterios:
  - Maior nota media en 2º de Bacharelato.
  - Maior nota media na etapa.
  - Maior número de cualificación 10 en 2º de Bacharelato.
  - Maior número de cualificación 9 en 2º de Bacharelato.
  - Maior número de cualificación 10 na etapa.
  - Maior número de cualificación 9 na etapa.
  - Se persiste o empate concederase á persoa con notas máis altas en 2º de Bacharelato e, se fose necesario, en segundo lugar, na etapa.
- Esta mención será consignada nos documentos de avaliación do alumno/a.
- En caso de reclamación por desacordo con algunha cualificación final e a rectificación, de habela, afectase á obtención desta mención, a xunta de avaliación reunirse en sesión extraordinaria para revisar a relación.



## 7.- Aprobación e publicidade

- Esta modificación da concreción curricular do centro no relativo aos criterios xerais para a avaliación, promoción, titulación e outorgamento de matrículas de honra para o curso 2021/22, aprobouse en claustro extraordinario celebrado o xoves 7 de abril de 2022.
- Esta modificación da concreción curricular foi feita pública:
  - O venres 8 de abril de 2022, na páxina web do centro.
  - O venres 8 de abril de 2022, para familias/alumnado por parte do equipo directivo do centro a través dos correspondentes enderezos electrónicos.

Ferrol, a 8 de abril de 2022

*Documento aprobado en claustro extraordinario do 7 de abril de 2022.*

Jaime Bouza López

Director do Colexio Tirso de Molina